**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 19 DE NOVEMBRO DE 2018.**

**PRESIDENTE:**
O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

**ASISTENTES:**
D. Diego Antonio Taibo Monelos
D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril
D.ª Mª del Carmen Varela Corbelle
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.ª Marta Mª Iglesias Becerra
D. Miguel Suárez García
D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes

**INTERVENTORA MUNICIPAL**
D.ª Vanesa García Barreiro

**SECRETARIA XERAL:**
D.ª Pilar Mª Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e quince minutos do día dezanove de novembro do ano dous mil dezaoito, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Diego Antonio Taibo Monelos, D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril, D.ª Mª del Carmen Varela Corbelle, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.ª Marta Mª Iglesias Becerra, D. Miguel Suárez García e D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.ª Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral, D.ª Pilar Mª Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 12 DE NOVEMBRO DE 2018.**

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día doce de novembro de dous mil dezaoito, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 12 de novembro de 2018.

**2.- DACIÓNS DE CONTA.**

**2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.**

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

**Publicacións:**

- Anuncio do 9 de novembro de 2018, do Concello de Culleredo, relativo á aprobación da lista definitiva dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo convocado para a cobertura de dúas prazas de policía local polo sistema de mobilidade e polo procedemento de concurso. BOP núm. 218 do 15-11-2018.

**2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLARÍAS DELEGADAS.**

2.2.1.- O Sr. Taibo Monelos dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e comunicacións previas de obras e aperturas da Concellería delegada de de Urbanismo:



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

"**RESOLUCIÓNS DO 25.10.2018**

**Resolución núm. 1645.-** Concedendo a Dª. M.E.G.D, a licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada no lugar de Vinxeira Pequena, parroquia de Celas, e aprobando a devolución do aval que se depositou no Concello por un importe de 750 €, rexistrado coa clave de operación 320150000939 (exp. UAU/2018/165).

**Resolución núm. 1646.-** Concedendo a Dª. M.A.C, a licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada na rúa José Ramallo, parroquia de Culleredo, e aprobando a devolución do aval que se depositou no Concello por un importe de 1.512 €, rexistrado coa clave de operación 200500020104 (exp. UAU/2018/683).

**Resolución núm. 1647.-** Concedendo a Dª. M.S.G e D. P.G.S., a licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada na rúa Cillobre, parroquia de Sésamo, e aprobando a devolución do aval que se depositou no Concello por un importe de 6.310,20 €, rexistrado coa clave de operación 320170000030 (exp. UAU/2018/484).

**RESOLUCION DO 29.10.2018**

**Resolucion núm. 1660.-** Concedendo a Dª M.C.D., a licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada na rúa Tarrio, parroquia de Culleredo, e aprobando a devolución da fianza que se depositou no Concello por un importe de 600 €, rexistrado coa clave de operación 320160000362 (exp. UAU/2018/21)

**RESOLUCION DO 31.10.2018**

**Resolución núm. 1688.-** Concedendo a D. L.V.F, a licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada na rúa María Román, parroquia de Culleredo, e aprobando a devolución da fianza que depositou no Concello por importe de 500 €, rexistrado coa clave de operación 32016000034 (exp. UAU/2018/697)

C.I.F. P-1503100-H

**RESOLUCIÓNS DO 05.11.2018**

**Resolución núm. 1711.-** Primeiro.- Declarando a caducidade do procedemento de reposición da legalidade urbanística que se incoou por Resolución número 374 do 06.03.2017 a D. D.C.C., pola realización dunhas obras de construción dun muro de contención nunha parcela situada na rúa Reveriano Soutullo da parroquia de Rutis.

Segundo.- A declaración da caducidade do procedemento non supón a prescrición das facultades do Concello para a reposición da legalidade urbanística.

Terceiro.- Incoar un novo procedemento de reposición da legalidade urbanística a D. D. C. C., pola realización dunhas obras de construción dun muro de contención nunha parcela situada na rúa Reveriano Soutullo da parroquia de Rutis.

Cuarto.- Incorporar os documentos do procedemento que se incoou por Resolución número 374 do 06.03.2017 ao novo procedemento.

Quinto.- Comunicar ao interesado que o procedemento que se incoa se deberá resolver no prazo dun ano, que conta desde o día seguinte ao que reciba a notificación da presente Resolución, segundo o que dispón o artigo 21.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e que unha vez que transcorra ese prazo sen resolver se producirá a caducidade do procedemento, segundo o que dispoñen o artigo 152.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o artigo 25.1 da Lei 39/2015.

Sexto.- Dar audiencia no expediente ao interesado por un prazo de 15 días, que contan desde o seguinte ao que reciba a notificación da presente Resolución a fin de que poida consultar o actuado e formular as alegacións que considere convenientes na defensa dos seus dereitos e intereses.

**Resolución núm 1712.-** Correxindo o erro material da Resolución do concelleiro delegado de Urbanismo de data 12.10.2018 no seguinte senso:

No segundo parágrafo da parte dispositiva onde di:

"... parcela coa referencia catastral 9976712NH5807N0001HR..."



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

Debe dicir:

"... parcela coa referencia catastral 9976711NH5807N0001UR..."

**RESOLUCIONS DO 12.11.2018**

**Resolución núm 1735.-** Non expedindo a D.J.S.G. a certificación que solicitou relativa a inexistenca dun expediente de reposición da legalidade urbanística sobre o inmoble coa referencia catastral 8063303NH4986S0001QB, situado na rúa Río Sil - Rutis, dado que cos datos que aportou o solicitante e os antecedentes dos que dispón a Asesoría Xurídica deste Concello, non é posible determinar se o inmoble infrinxe a legalidade urbanística, nin se prescribiron, no seu caso, as facultades do Concello para ordenar a reposición da legalidade urbanistica. (exp. UAU/2018/758).

**Resolución núm 1736.-** Concedendo a LARCORUÑA, SL, licenza para a construción dun edificio destinado a 4 vivendas e baixo cuberta para rochos na rúa Agustin Abeleira, parroquia de Rutis (exp. UAU/2018/135).

**RESOLUCIÓN DO 13.11.2018**

**Resolución núm 1737.-** Concedendo a REBOREDO PEDREIRA, S.C., a licenza de primeira ocupación da ampliación da nave para explotación ganderia, situda no lugar de Castelo de Abaixo, parroquia de Castelo (exp. UAU/2018/201).

**COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E APERTURAS**

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 29 de outubro de 2018, a comunicación previa presentada por CARPINTERÍA METÁLICA ALUMAN, S.L., para obras de illamento acústico en vivenda unifamiliar, situada en Rúa Canabal 1, parroquia de Rutis (exp. UAU/2018/262).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 06 de novembro de 2018, a comunicación previa presentada por R.G.B., para retellado cuberta en vivenda unifamiliar situada en Rúa Santa Bárbara, Parroquia de Rutis (Exp. UAU/2018/399).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 06 de novembro de 2018, a comunicación previa presentada por REFORMAS DOMART, S.L., para arranxo grieta no acceso ao garaxe, nun edificio situado en Rúa Tierno Galván, 24, parroquia de O Burgo (exp. UAU/2018/407).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 06 de novembro de 2018, a comunicación previa presentada por J.A.M., para colocación de tella sobre cuberta anexos, situado nunha parcela situada en Boedo, Parroquia De Boedo (Exp. UAU/2018/423).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 07 de novembro de 2018, a comunicación previa presentada por T.T.M., para a reforma e ampliación de cociña, nunha vivenda situada en Rúa Roi Xordo, parroquia de Rutis (exp. UAU/2018/426).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 07 de novembro de 2018, a comunicación previa presentada por J.B.V., para a reforma e illamento fachada en vivenda unifamiliar situada en Rúa Último de Filipinas, Parroquia de Almeiras (exp. UAU/2018/427).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 08 de novembro de 2018, a comunicación previa presentada por TENOGA, S.L., para substitución de cubrición en cuberta de nave industrial, situada en Rúa Santa Bárbara, parroquia de Rutis (Exp. UAU/2018/431).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 14 de novembro de 2018, a comunicación previa presentada por GRUPO GALLEGO DE CONTRATOS Y GESTIONES, S.L., para cambio de cociña e baños, substitución de tarima e pintura da vivenda, situada no lugar de A Telva, 84, parroquia de Almeiras (Exp. UAU/2018/436).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 14 de novembro de 2018, a comunicación previa presentada por GRUPO GALLEGO DE CONTRATOS Y GESTIONES, S.L., para cambio de cuberta, pintado e substitución de ventás, en vivenda situada no lugar de A Telva, 84 (Exp. UAU/2018/438)."



C.I.F. P-1503100-H

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

2.2.2.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellería delegada da Área de Benestar Social e Igualdade:

"

| ***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao *Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.*** | | | | |
| --- | --- | --- | --- | --- |
| **Data da resolución** | **Nº resolución** | **TEMA** | **Persoa beneficiaria** | **Intensidade** |
| 31/10/18 | 1687 | Baixa no Servizo Municipal de Teleasistencia domiciliaria e de Axuda a Domicilio por Libre Concorrencia con data 31/10/2018 ao causar alta o día 01/11/2018 pola vía de Dependencia cunha prestación de 26 a 18 horas mensuais respectivamente, segundo aprobación do Programa de Atención Individual efectuada pola Xunta de Galicia. | J. P. F. e J. V. G. | |
| 31/10/18 | 1692 | Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar. | V. M. V. C. | Cinco horas á semana (agás festivos). |
| 31/10/18 | 1693 | Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrencia con data 31/10/2018 ao causar alta como dependente cunha prestación de 44 horas mensuais o día 01/11/2018, segundo aprobación do Programa de Atención Individual, efectuada e notificada pola Xunta de Galicia. | E. S. F. | |
| 05/11/18 | 1694 | Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrencia, con data 30/11/2018 ao causar alta dentro do sistema de Dependencia cunha prestación de 20 horas mensuais o día 01/12/2018, segundo aprobación do Programa de Atención Individual, efectuada e notificada pola Xunta de Galicia. | F. J. M. G. | |
| 05/11/18 | 1695 | Baixa no servizo municipal de | J. O. M. | |

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

C.I.F. P-1503100-H

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | axuda a domicilio por libre concorrencia, con data 31/10/2018 ao causar alta dentro do sistema de Dependencia cunha prestación de 22 horas mensuais o día 01/11/2018, segundo a aprobación do Programa de Atención Individual, efectuada e notificada pola Xunta de Galicia. | | |
| 05/11/18 | 1696 | Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrencia con data 31/10/2018 ao causar alta dentro do sistema de Dependencia cunha prestación de 22 horas mensuais o día 01/11/2018, segundo a aprobación do Programa de Atención Individual, efectuada e notificada pola Xunta de Galicia. | A. B. G. | |
| 05/11/18 | 1697 | Conceder o Servizo municipal de Axuda no fogar . | M.E.C. V.<br>E J. V. C. | Dúas horas á semana (agás festivos) por un período de tres meses a contar dende o día primeiro de servizo. |
| 05/11/18 | 1698 | Conceder o Servizo municipal de Axuda no fogar. | M. G. P. | Cinco horas á semana (agás festivos), durante o tempo preciso que dure a convalecencia da intervención quirúrxica prevista. |
| 05/11/18 | 1699 | Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrencia, con data 31/10/2018 ao causar alta dentro do sistema de Dependencia cunha prestación de 22 horas mensuais o día 01/11/2018, segundo aprobación do Programa de Atención Individual, efectuada e notificada pola Xunta de Galicia. | A. G. C. | |
| 05/11/18 | 1700 | Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrencia con data 23/10/2018, e proceder á alta dentro do sistema de Dependencia cunha prestación de 20 horas | M. J. M. C. | |



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

C.I.F. P-1503100-H

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | mensuais o día 01/11/2018, segundo aprobación do Programa de Atención Individual, efectuada e notificada pola Xunta de Galicia. | | |
| 05/11/18 | 1701 | Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrencia con data 31/10/2018 ao causar alta dentro do sistema de Dependencia cunha prestación de 22 horas mensuais o día 01/11/2018, segundo a aprobación do Programa de Atención Individual, efectuada e notificada pola Xunta de Galicia. | M. A. B. | |
| 05/11/18 | 1702 | Conceder unha ampliación no servizo municipal de Axuda no fogar. | R. S. P. E<br>M. V. B. | Dez horas á semana (agás festivos). |
| 05/11/18 | 1703 | Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrencia, con data 31/10/2018 ao causar alta dentro do sistema de Dependencia cunha prestación de 22 horas mensuais o día 01/11/2018, segundo aprobación do Programa de Atención Individual, efectuada e notificada pola Xunta de Galicia. | A. M. F. S. | |
| 05/11/18 | 1704 | Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrencia, con data 31/10/2018 ao causar alta dentro do sistema de Dependencia cunha prestación de 31 horas mensuais, o día 01/11/2018, segundo aprobación do Programa de Atención Individual, efectuada e notificada pola Xunta de Galicia. | J. S. R. | |

****PRESTACIÓNS ECONOMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente *Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013***



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

C.I.F. P-1503100-H

| Data da resolución | Nº resolución | TEMA | Persoa beneficiaria | Obxecto da axuda | Importe |
| --- | --- | --- | --- | --- | --- |
| 29/10/18 | 1668 | Conceder unha axuda económica. | J.A.R.F. | Pago dunha lavadora e un frigorifico, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo. | 541,86 € |
| 29/10/18 | 1669 | Conceder unha axuda económica | M.C.A.V. | Pago de aluguer correspondente aos meses de abril a xuño de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por importe mensual 400 € agás o mes de xuño cun importe de 275 €. | 1.075,00 € |
| 29/10/18 | 1670 | Conceder unha axuda económica. | L.S.G.L. | Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro a maio de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 250 € mes agás o mes de maio cun importe de 75 €. | 1.075,00 € |
| 31/10/18 | 1690 | Denegar unha axuda económica | N.K. | Denegar as axudas para bono de aluguer por superar o limite de ingresos establecido ao abeiro do artigo 5.2 do dito Regulamento. | |
| 05/11/18 | 1705 | Conceder unha axuda económica. | C. M. P. D. | Pago de recibos de comunidade, correspondentes aos meses de xaneiro a outubro de 2018.<br><br>Pago de recibos de electricidade, correspondentes a cinco meses de 2018.<br><br>Bono de alimentos tipo A, durante dous meses e cunha entrega mensual.<br>Bono de hixiene tipo A, durante dous meses e cunha entrega mensual. | 684,25 € |
| 05/11/18 | 1706 | Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago. | E. P. O. | Recibo de electricidade, correspondente ao período comprendido entre o 12 de setembro de | 14,24 € |



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | 2018 ao 08 de outubro de 2018. | |
| 05/11/18 | 1707 | Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago. | N. M. V. | Recibo de auga, correspondente ao terceiro trimestre de 2018. | 53,07 € |

| *TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao *Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emision y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad* (BOE nº 309 de 23 de dicembre de 2014) | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Data da resolución** | **Nº resolución** | **TEMA** | **Persoa beneficiaria** | **Vixencia** |
| 31/10/18 | 1691 | Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade. | A.R.S. | 10 ANOS. |

"

2.2.3.- A Sra. Varela Corbelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da Concellería delegada da Área de Educación, Cultura e Participación Cidadá:

"**ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN**

*EDUCACULLEREDO 2017/2018*

ACTIVIDADE: **Observando aves.**
Programa: Educación ambiental.
Datas: 19, 20, 21, 22 e 23 de novembro (se chove, aprazarase).
Horario: de 10:00 e as 13:00 h.
Colexios participantes: Tarrio, Díaz Pardo, Ría do Burgo, colexio novo e CPR A Ponte Pasaxe
Curso: 5º EP.
Nº participantes: 243.
Lugar: Aula de Natureza e paseo marítimo.

**ACTIVIDADES CULTURAIS**

XOVES 22 DE NOVEMBRO
Biblioteca González Garcés do Burgo.
*Obradoiro de cociña saudable.*
Dúas quendas: 17.00 -18.30 e 19.00 – 20.30.
Nenos /as de 7 a 12 anos. 12 prazas.

VENRES 23 DE NOVEMBRO
Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 20.30 h:
Teatro da Semente: *Falsas denuncias.*
Recollida de invitacións dende unha hora antes da función.

**3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.**

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.



C.I.F. P-1503100-H
Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

**4.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e vinte minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace
O alcalde
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

RIOBOO CASTRO, JOSE RAMON
Alcalde-Presidente
22/11/2018 14:00

PASTOR NOVO, PILAR MARÍA
Secretaria Xeral
22/11/2018 10:28

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es